

Ordenanza fiscal núm. 7

Ordenanza reguladora da taxa pola ocupación do dominio público con mesas, cadeiras, veladores e elementos análogos.

TEXTO REFUNDIDO

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA
ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN
ARTIGO 3. FEITO IMPOÑIBLE
ARTIGO 4. SUXEITO PASIVO
ARTIGO 5. RESPONSABLES
ARTIGO 6. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS
ARTIGO 7. COTA TRIBUTARIA
ARTIGO 8. DEVEÑO E NACEMENTO DA OBRIGACIÓN
ARTIGO 9. XESTIÓN
ARTIGO 10. RECADACIÓN

ARTIGO 11. OUTROS
ARTIGO 12. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS
DISPOSICIÓN FINAL

ARTIGO 1. Fundamento e Natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 15 a 27 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a «taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa» que estará ao establecido na presente Ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. Ámbito de Aplicación

A presente Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal de Allariz.

ARTIGO 3. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible da presente taxa a ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

ARTIGO 4. Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos da presente taxa, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, seguintes:

- a) Os titulares de licenzas ou concesións municipais e aqueles en cuxo beneficio redunde o aproveitamento ou utilización privativa do dominio público local.
- b) Os que, sen licenza ou concesión, realicen algún dos aproveitamentos incluídos nesta Ordenanza.

ARTIGO 5. Responsables

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou Entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria.

ARTIGO 6. Exencións e Bonificacións

Conforme ao artigo 9.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

ARTIGO 7. Cota tributaria

7.1 Tarifas

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa sinalada de acordo coa tarifa contida no apartado seguinte, atendendo á actividade obxecto do aproveitamento (valoración da utilidade que represente), temporalidade en que esta se instale (duración da ocupación e festividade ou momento do ano), o espazo ocupado (superficie en metros cadrados e categoría da rúa onde radique a instalación).

As tarifas, para os supostos contemplados no artigo 20.3.l) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan establecidas do xeito seguinte:

- A. Mesas con catro cadeiras tempada anual (Zona 1)...: 6€/mesa/mes
- B. Mesas con catro cadeiras tempada anual (zona 2)...: 3€/mesa/mes
- C. Outros elementos como tribunas, estrados ou outros (zona 1 e2) 3€/m²/mes .
- D. Quedan expresamente exentas desta Ordenanza somentes a efectos fiscais aquelas ocupacións que supoñan o uso en conxunto de espazos inferiores a 1 m².

7.2. Zonificación

No aspecto de zonificación, a Zona 1 será a comprendida no Casco Histórico de Allariz, limitado pola Rúa Emilia Pardo Bazán na beirarúa esquerda según se baixa cara o Río Arnoia, a Rúa Pepe Puga e o Río Arnoia. Tamén se comprenderán nesta Zona 1 as actividades desenvoladas sobre espazos públicos correspondentes a Parques e Xardíns municipais, e pátios de espazos singulares municipais.

As zonas correspondentes á Zona 2 serán todos aqueles non recollidos na zona 1.

Recóllese especificamente nesta Ordenanza que aquelas ocupacións realizadas por concesionarios municipais de instalacións hosteleiras, que fagan uso do espazo público circundante á dita concesión, que non fora efectivamente concesionado e sexa empregado polos mesmo, queda suxeito á aplicación desta Ordenanza.

Cando o espazo afectado polo aproveitamento estea situado na confluencia de dúas ou máis vías públicas clasificadas en distinta categoría, aplicarase a tarifa que corresponda á vía de categoría superior.

7.3. Temporalidade e horario

Esta cota tributaria será de aplicación nos meses considerados de tempada alta, considerados como tales xuño, xullo e agosto, de cada ano, permitíndose o uso da superficie sen taxa algunha o resto do ano, sempre que se cumpra o resto das especificacións desta ordenanza reguladora.

Con carácter xeral, establécese o seguinte horario:

1. Verán: 08:00 a 01:00 horas
2. Inverno: 08:00 a 00:00 horas

O Concello, a través dun decreto de Alcaldía e previa xustificación e comunicación aos interesados poderá modificar a zonificación, a temporalidade e fixar o horario de explotación das mesmas.

ARTIGO 8. Devengo e Nacemento da Obrigación

A taxa devengarase cando se inicie a utilización privativa ou o aproveitamento especial, áchese ou non autorizada, todo iso sen prexuízo da posibilidade de esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, de conformidade co artigo 26.1 e 2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Procederá a devolución das taxas que se esixiron, cando non se realice o seu feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo, a tenor do artigo 12 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

A tenor do artigo 24.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houber lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gasto de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, a Entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro provocado polos danos.

En todo caso, calquera posible dano que se puidera derivar da instalación dos usos descritos nesta Ordenanza sería responsabilidade do solicitante do uso.

As Entidades Locais non poderán condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

ARTIGO 9. Xestión

A xestión, liquidación, inspección e recadación desta taxa realizarase segundo o disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, e nas demais Leis reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

As cantidades exixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar a correspondente licenza e realizar o correspondente depósito previo.

Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados (a non presentación do a baixa determinará a obrigação de continuar abonando a taxa).

A concesión do permiso de ocupación, estará supeditada a informe favorable do servizo da Policía Local e Oficina Municipal de Urbanismo, que poderá condicionar a concesión a adopción de medidas que eviten molestias ou situacións de perigo ós usuarios do espazo público. Neste aspecto a Oficina Municipal de Urbanismo, comunicará instrucións de obrigado cumprimento en canto ó mobiliario a empregar (ex. na Zona 1, os elementos tales como cadeiras e mesas, deberán ser axeitados ó entorno, non podendo empregarse elementos plásticos, ...).

Queda facultada a alcaldía para establecer o modelo de solicitude de licenza así como os croquis de delimitación do espazo público que se pretende ocupar e que será de obrigado cumprimento polos beneficiarios da licenza.

Cando se produza coincidencia puntual do espazo concedido, con usos tradicionais do mesmo (Feiras, procesións, ...) será obrigatorio, para o concesionario permitir o uso de dito espazo aínda que coincida coa temporada de dereito de uso.

O solicitante da licenza deberá acreditar estar ao corrente do pago desta taxa impedíndose a ocupación do espazo público polo mesmo titular en tanto non sexan aboada a débeda tributaria, vencida, líquida e esixible.

ARTIGO 10. Recadación

Os suxeitos pasivos da taxa estarán obrigados a practicar operacións de autoliquidación tributaria e a realizar o ingreso do seu importe na tesourería municipal.

O pago da taxa poderá facerse efectivo a través de transferencia bancaria.

ARTIGO 11. Outros.

No relativo ó cuidado do espazo concesionado, este queda suxeito á Ordenanza municipal do servizo de limpeza pública, en concreto no artigo 5º da mesma.

O uso e ocupación do espazo público con mesas e sillas, amparado pola licenza, non poderá sobrepasar a 1:30 horas da madrugada, con independencia do horario de peche do establecemento.

ARTIGO 12. Infraccións e Sancións Tributarias

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno deste Concello na sesión celebrada o día 30/10/2020 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e as tarifas serán de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2021, permanecendo en vigor até en tanto non se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

PUBLICACIÓN

BOP 26 DECEMBRO DE 2020